| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**: Neste caso levarase a cabo unha avaliación integradora, formativa, global e continua a través da comunicación coas familias, o que nos permitirá coñecer se van construíndo as aprendizaxes así como os avances e progresos que van conseguindo.<br>Basearase por tanto na información compartida coa familia a partir da súa observación directa e sistemática nas diferentes situacións e momentos. Valoraranse tamén as actividades e o traballo proposto ao longo do trimestre (tarefas enviadas a través da páxina web do centro, e a entrega de material ao alumnado).<br>Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, adoptaranse as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, as estratexias e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.<br>**Sistema de cualificación**: As seguintes ponderacións serán as empregadas na área ante sinalada, e versarán sobre os contidos dados e os obxectivos mínimos esixibles.<br>Como toda a unidade de traballo ***do terceiro trimestre*** desenvolvese ao completo fóra da escola, a produción de traballos, a actitude e participación será o 100 % da nota do terceiro trimestre |
| | **Procedementos**: Neste caso levarase a cabo unha avaliación integradora, formativa, global e continua a través da comunicación coas familias, o que nos permitirá coñecer se van construíndo as aprendizaxes así como os avances e progresos que van conseguindo. Basearase por tanto na información compartida coa familia a partir da súa observación directa e sistemática nas diferentes situacións e momentos. Valoraranse tamén as actividades e o traballo proposto ao longo do trimestre (tarefas enviadas a través da páxina web do centro, e a entrega de material ao alumnado).<br>Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, adoptaranse as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, as estratexias e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción. |
| | **Instrumentos**:<br>Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado serán:<br>- Rexistro do traballo realizado polo alumnado a través de conversas coas familias (análise das producións dos alumnos: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, caderno de clase, textos escritos)<br>- Pautas de observación de hábitos e contidos en colaboración coas familias. |

<table>
<tr><td rowspan="1">Cualificación final</td><td colspan="2">Criterios de promoción. Coa información recollida, ademais da observada durante o primeiro e segundo trimestre, valorarase o grao de consecución respecto aos obxectivos e ás competencias básicas co fin de establecer propostas de mellora e atención á diversidade.<br><br>A nota final reflectirá o traballo do alumno ao longo de todo o curso e calculase mediante a media das notas das tres avaliacións, tendo en conta as cualificacións obtidas nas recuperacións.<br><br>Para a obtención da cualificación final do presente curso 2019-2020 teranse en conta as seguintes porcentaxes e calcularase en función das mesmas:<br><br>Cualificación obtida na primeira avaliación: 60%<br><br>Cualificación obtida na segunda avaliación: 40%<br><br>Cualificación obtida na terceira avaliación ata un 10%<br><br>Neste caso a terceira avaliación non puntúa negativamente, sempre en positivo.<br><br>O alumnado promocionará sempre e cando acade os obxectivos mínimos e competencias básicas para este curso. No caso de que estas non sexan conseguidas, o alumnado non promocionará</td></tr>
<tr><td colspan="2">Proba extraordinaria de setembro</td><td>Non se contempla en primaria</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td colspan="2">Criterios de avaliación: Non se contempla en primaria</td></tr>
<tr><td colspan="2">Criterios de cualificación: Non se contempla en primaria</td></tr>
<tr><td colspan="2">Procedementos e instrumentos de avaliación: Non se contempla en primaria</td></tr>
</table>

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.<br><br>Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceuse, dende o departamento de Orientación, coa colaboración da titora, as medidas curriculares e organizativas que aseguren o seu progreso adecuado.<br><br>Durante o período de suspensión as actividades educativas serán a través da modalidade a distancia sempre que resulte posible.<br><br>O noso obxectivo será axudar a manter o hábito de estudio e o proceso de aprendizaxe polo que as actividades deseñadas están encamiñadas a que cheguen a todo o alumnado e estean orientadas ao desenvolvemento das competencias básicas.<br><br>Se priorizan tarefas globalizadas dos diferentes ámbitos curriculares, propostas semanalmente, evitándose as tarefas mecánicas e repetitivas en favor de tarefas significativas e motivadoras.<br><br>As actividades que se propoñen son de consolidación, reforzo, repaso e ampliación do primeiro e segundo trimestre, e de contido xa dado en anos anteriores.<br><br>As actividades serán de observación, contraste de elementos cércanos á realidade actual, de búsqueda de información, de lectura, artísticas, lúdicas, dos libros de texto de dos caderno de traballo<br><br>**ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS**<br><br>▪ **Actividades de inicio de lección.** Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de repaso como cancións.<br><br>▪ **De desenvolvemento da lección.** Inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son: Cancións. Actividades de lectoescritura. Historias<br><br>**De reforzo e ampliación.** Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. |

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos os luns se publican na web do centro as tarefas propostas para a semana, organizadas por cursos e materias.<br>*O alumnado con conectividade* accede directamente á web e dende alí pode descargar o material para traballa.<br>*O alumnado sen conectividade* envíaselle a través do teléfono móbil (vía whatsapp) os documentos pdf coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización.<br>Informado a todo o alumnado que deben enviar as tarefas a un correo electrónico para súa corrección e visualización por parte do profesorado correspondente, deste xeito o profesorado ten coñecemento do traballo elaborado e de ser o caso, axudar e orientar o alumnado para a súa correcta execución. |
| **Materiais e recursos** | Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.<br>Impresos: recursos fotocopiables (fichas), contos, cómics, revistas, periódicos e o material elaborado polo profesorado<br>Para a atención á diversidade usaremos, entre outros, actividades de reforzo ou ampliación propostas na guías didácticas e outro material que elaboremos para tal fin seguindo o currículo establecido. |

| **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | As tarefas propostas para cada semana son colgadas na web do centro (na páxina principal) os luns pola mañá. Están organizadas por etapas e cursos e pódese acceder a elas clicando directamente sobre o seu nome ou ben descargando os arquivos adxuntos.<br>Nalgúns casos, especialmente nas primeiras publicacións ou cando hai algunha notificación importante, esta anúnciase a través das redes sociais do centro, co encabezamento e un enlace á páxina web.<br>Ademais, aquel alumnado que ten máis dificultades de acceso á web, facilítanselle os documentos correspondentes ás tarefas do seu curso a través do teléfono móbil, por whatsapp ou correo electrónico, ou ben son enviadas ao correo do Concello para que estes llas impriman e llas acheguen. |
| **Publicidade** | Como xa mencionei con anterioridade, toda a información relativa ao alumnado é publicada na páxina web do centro semanalmente. Isto complétase con redireccións á mesma dende as redes sociais ou ben a través de correo electrónico ou teléfono. |